



**INFLUENCIAS DA PSICOLOXÍA INTERNACIONAL NA PSICOLOGÍA  
PEDAGÓXICA (1919) DE XOÁN V. VIQUEIRA**

**INTERNATIONAL PSYCHOLOGICAL INFLUENCES ON X. V. VIQUEIRA'S  
PSICOLOGÍA PEDAGÓXICA (1919)**

**Antón COSTA RICO**

*Universidade de Santiago de Compostela*

*Data de recepción: 27/09/2007*

*Data de aceptación: 14/03/2008*

**RESUMO**

O prestixioso intelectual Xoán Vicente Viqueira (1886-1924), humanista e unha das personalidades sobranceiras das Irmandades da Fala, un movemento pola recuperación da lingua galega que se activou en 1916, gozou de alta formación filosófica e tivo acceso directo e dominio dos desenvolvementos alcanzados en Alemaña pola psicología experimental dos primeiros anos do século XX, e das súas aplicacións ao campo pedagóxico. Dende unha sólida formación foi en España, na “Institución Libre de Enseñanza” en Madrid primeiro, e en Galicia despois, un experto formador do profesorado e ensaísta destacado. Así, se pon de manifesto en obras como *Psicología Pedagógica* (1919), ou *La psicología contemporánea* (póstumo, 1930), onde se examinan críticamente os problemas, as orientacións e a conflitividade teórica e paradigmática, afrontados naqueles momentos polo desenvolvemento científico da psico-

logía. Nesta contribución analízanse unha parte dos tópicos máis destacados da súa obra, entrevista dende o ángulo psico-pedagóxico, revísanse os estudos a que tal obra foi sometida e rastréxanse as fontes e os modelos considerados por Viqueira.

**PALABRAS CLAVE:** Psicología experimental, psicología pedagóxica, Alemaña, conciencia

**ABSTRACT**

The prestigious intellectual Xoán Vicente Viqueira (1886-1924) was a humanist and one of the most outstanding personalities of the *Irmandades da Fala* (Language Associations) – a movement in favour of recovering the Galician language which began in 1916. Besides being highly trained in philosophy, he also had direct access to and a good working knowledge of the developments achieved in

Germany in the field of experimental psychology during the beginning of the 20<sup>th</sup> Century, and their applications in the field of pedagogy. Due to his solid training, he became an expert in teacher training at the “*Institución Libre de Enseñanza*” (Free Teaching Institute) first in Madrid and later in Galicia; he was also a leading essayist, as revealed by his works such as *Psicología Pedagógica* (Pedagogic Psychology) (1919), or *La psicología contemporánea* (Contemporary Psychology) (posthumous, 1930). In the latter, he examined in detail the problems, the tendencies and the theoretical and paradigmatic conflict, which at the time were being challenged due to the scientific development of psychology. In this work, we analyse one of the most remarkable subjects of his work, seen from a psycho-pedagogic point of view, and we also revise the studies carried out on his work as well as delving into the sources and models which were considered by Viqueira.

**KEY WORDS:** experimental psychology, pedagogic psychology, Germany, consciousness

## RESUMEN

El prestigioso intelectual Xoán Vicente Viqueira (1886-1924), humanista y una de las personalidades relevantes de las *Irmandades da Fala*, un movimiento por la recuperación de la lengua gallega que se activó en 1916, gozó de alta formación filosófica y tuvo acceso directo y dominio de los desarrollos alcanzados en Alemania por la psicología experimental de los primeros años del siglo XX, y de sus aplicaciones al campo pedagógico. Desde una sólida formación fue en España, en la “Institución Libre de Enseñanza” en Madrid primero, y en Galicia después, un experto formador del profesorado y ensayista destacado. Así, se pone de manifiesto en obras como *Psicología Pedagógica* (1919), o *La psicología contemporánea* (póstumo, 1930), donde se examinan críticamente

los problemas, las orientaciones y la conflictividad teórica y paradigmática, afrontados en aquellos momentos por el desarrollo científico de la psicología. En la presente contribución se analizan una parte de los tópicos más destacados de su obra, entrevista desde el ángulo psico-pedagógico, se revisan los estudios a que tal obra fue sometida y se rastrean las fuentes y los modelos considerados por Viqueira.

**PALABRAS CLAVE:** Psicología experimental, psicología pedagógica, Alemania, conciencia

## INTRODUCCIÓN

Xoán V. Viqueira (1886-1924), galego, familiar de Manuel B. Cossío e alumno de estudos secundarios da ILE en Madrid, realizou estudos universitarios de Filosofía, que puido ampliar primeiro na Sorbona e máis tarde en Alemaña e en Inglaterra, en parte coa axuda das bolsas da JAE.

Na súa estanza alemá, en Berlín, en Göttingen e en Leipzig, introduciuse na formación no campo da psicoloxía, enriquecendo as leccións que recibira do Dr. Simarro na Universidade de Madrid, coas contribucións de moi destacados profesores alemáns. Os coñecementos adquiridos plasmonos no *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* en 1915 e noutras publicacións periódicas e académicas, dando tamén lugar á súa obra póstuma e sempre ben ponderada *La psicología contemporánea* (Labor, 1930), e á súa *Introducción a la Psicología Pedagógica* (Beltrán, 1919, con reedición en 1926).

No conxunto dos aspectos abordados nesta obra detéctase un notable dominio do coñecemento psicolóxico, o que permite contrastala con outras notables referencias relativas á psicoloxía pedagóxica enunciada en España nos pasados anos vinte e trinta,

podendo observar os seus contrastes, continuidade e innovacións, así como indagar nos paradigmas e puntos de referencia seleccionados por Viqueira para a composición dos seus textos.

Viqueira pretendía conxugar unha base filosófica, unha sistemática psicolóxica na que procuraba conciliar a introspección e os experimentos, e o desenvolvemento educativo, situándose entre a tradición alemá e as orientacións xenebrinas consolidadas por E. Claparède.

O que antecede, dicímolo dunha figura intelectual rechamante pola súa complexidade no seu curto período vital de só 38 anos de idade. Xoán V. Viqueira foi tamén profesor de Instituto, tradutor de textos filosóficos, membro activo do nacionalismo político e cultural galego dende 1918, autor de textos literarios, conferenciante e ensaísta, que propón un programa educativo para Galicia e promove a defensa da súa lingua e da súa cultura.

¿Quen era esta personalidade, familiar de Cossío e alumno da ILE?, ¿que aconteceu para que tan novo realizara estudos universitarios en París, en Berlín, en Göttingen?, ¿quen foron os seus profesores?, ¿cal é o interese dos seus libros e demais achegas?

Xoán V. Viqueira non formaba parte máis que de modo lateral das nosas preocupacións intelectuais, aínda case nos anos centrais da pasada década. A intuición da súa probable complexidade facía que só o glosásemos nos seus textos máis “evidentes”; isto é, os relacionados co seu programa educativo para Galicia; a súa complexidade viñánola a confirmar en 1992 un, para nós prolixo, ensaio interpretativo sobre a figura de Viqueira, examinado dende a óptica filosófica (Regueira, 1992). Menos mal que dispoñiamos da aproximación biográfica preparada por Anxo Porto (Porto Ucha, 1986), e sobre todo, da realizada, tamén no plano bio-bibliográfico, por parte de Xesús Torres (Torres Regueiro,

1987), pero permanecía sen ser estudada a consistencia da súa obra psicolóxica e pedagóxica.

O encargo que se me fixo dun relatorio en 1993, ante unha homenaxe a Viqueira na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago, fixo que tivese que enfrontarme coa obra viqueiriana. Con tal ocasión creo estudar a obra e os trazos do seu pensamento pedagóxico<sup>1</sup>, obrigándome a algúns esforzos de estudo<sup>2</sup>, que aínda aquí e agora continúo. Naqueles momentos descoñecemos os traballos de análise que se emprenderan dende a psicoloxía e dende Madrid varios anos antes<sup>3</sup>. Foi ao longo dos anos 90 cando outros estudos e achegas virían confirmar a definitiva importancia de Xoán V. Viqueira<sup>4</sup>.

Tendo todo isto presente, volvemos agora sobre el, en particular, para fixar a nosa atención na súa *Introducción a la Psicología Pedagógica* (1919), obra que Viqueira constrúe cos coñecementos que unha bolsa da JAE lle facilita adquirir en Europa, coa preocupación por comprender pola nosa parte o seu significado como achega para a formación dos docentes españois.

## ***VOLVENDO SOBRE XOÁN V. VIQUEIRA***

Trátase dunha personalidade pouco coñecida dende o campo da historia da educación; por iso, quizais non sexa inoportuno referirnos á súa biografía. Xoán Vicente Viqueira López-Cortón nace en Madrid (22.X.1886) no seo dunha familia burguesa e liberal; neto do galego Xosé Pascual López Cortón, un home con algunha conexión ao rexionalismo galego decimonónico, e pai de tres fillos, dous dos cales se ligarán directamente á ILE, Carmen, como esposa de Manuel B. Cossío, profesora e colaboradora do *Boletín* da ILE, e José, que será profesor de traballos manuais. Xoán Vicente, será fillo de Luisa, irmá dos anteriores, sendo, pois, sobriño de todos eles.

Aos poucos meses de nacer, os seus pais trasladaranse a vivir en Galicia (en San Vitorio, Vixoi, Bergondo<sup>5</sup>) onde vivirá ata os 12 anos, podendo asistir no comezo da súa formación secundaria ás clases do “Colexio privado de Betanzos” de claro acento institucionalista<sup>6</sup>. En 1898 trasládase a Madrid para continuar a súa formación na ILE, logrando o grao de bacharel como alumno libre no Instituto de A Coruña en 1905, logo do que comezou os seus estudos universitarios en Filosofía na Universidade Central.

Iniciaba con 19 anos de idade os estudos universitarios, aínda que xa a súa formación era ben notable, tamén no literario, no musical e no dominio de linguas estranxeiras. Ao respecto, xa en 1902 debido ao inicio dunha osteomilite, que non o abandonará nunca, tivera unha primeira estancia médica en París. Os seus estudos en Madrid veranse por isto suspendidos durante o curso de 1908-09 ao trasladarse a París para seguir atención médica, aínda que alí asistirá a diversos cursos tanto en A Sorbona coma no *Collège de France*, seguindo, entre outras, as leccións de filosofía moral impartidas por Levy-Bruhl, as de socioloxía impartidas por Durkheim e polo seu discípulo Bougle, ou as pronunciadas por Bergson<sup>7</sup>.

De volta en Madrid puido continuar aquí os seus estudos de Filosofía, na proximidade de Giner de los Ríos, Caso e Simarro Lacambra<sup>8</sup>, como algúns dos seus mestres máis apreciados. En xuño de 1911 alcanzaba a súa licenciatura, e no outono, despois dunha breve estancia en Londres, chega a Alemaña coa intención de mellorar a súa formación filosófica na veciñanza con varios destacados profesores neo-kantianos marburguienses<sup>9</sup>, quizais polo que parece por consello de Giner de los Ríos.

Dirixiuse á Universidade de Berlín, lugar onde asistiu, entre outras, ás leccións de E. Cassirer sobre Kant, aínda que ao pouco tempo Viqueira expresa o seu desexo de incorporarse ao estudio da psicoloxía, un dominio por el

pouco explorado previamente, acolléndose para isto ao profesor Stumpf<sup>10</sup> como o seu mentor intelectual, sen abandonar, de todos os xeitos, a súa formación filosófica, seguindo as leccións, entre outros, do sociólogo G. Simmel<sup>11</sup>, de Riehl e de Dessoir<sup>12</sup>. Isto acontece ao longo de 1912, gozando, ao respecto, dunha pensión concedida pola JAE (R. O. do 22 de abril), que será posteriormente prorrogada<sup>13</sup>.

Debeu ser cara ao final da primavera de 1913 cando Viqueira se dirixiu a Leipzig para seguir de preto algún dos traballos de psicoloxía experimental do laboratorio de Wundt, ou algunha das súas ensinanzas<sup>14</sup>, aínda que volveu a Berlín, seguindo aquí as leccións de Lipps, estudoso da “psicoloxía aperceptiva”, mentres redactaría a súa tese doutoral de Filosofía, que defende na Universidade de Madrid en outubro de 1913. Cunha prórroga de pensión da JAE volve Viqueira a Alemaña, dirixíndose a Göttingen, onde entra a traballar no Laboratorio de G. E. Müller<sup>15</sup>, ao tempo que aproveita para seguir as leccións de E. Husserl<sup>16</sup> e establecer conexións intelectuais con D. Katz<sup>17</sup> e con E. Jaensch<sup>18</sup>.

Viqueira, que previamente se formara con C. Stumpf, emprende no Laboratorio de Müller en Göttingen unha investigación experimental sobre a influencia da localización espacial das representacións mentais, nunha tarefa de memoria de recoñecemento. Un traballo canónico no seu estilo, di Florentino Blanco (Blanco Trejo, 1993), no que “combinaba un deseño experimental clásico co recurso auxiliar ao método introspectivo”, que supoñía a utilización dun modesto aparato estatístico e se integraba coherentemente nun programa de investigación propio do laboratorio. As súas conclusións<sup>19</sup> entrañaban unha crítica á noción de asociación e tamén ao atomismo wundtiano e aproximábanse á visión holista da memoria implícita, formulada dende a Gestalt.

O estalido da Primeira Guerra Mundial provocou a marcha de Viqueira de Alemaña

no verán de 1914. Irase a Londres, onde vive unha tempada con Castillejo, para a continuación volver a Madrid, onde desenvolverá unha intensa actividade docente, en conexión con Cossío e co Museo Pedagógico Nacional:

- Entrega na JAE dúas memorias relativas aos seus traballos de estudo en Alemaña, que se publicarán, unha no BILE, e a outra nos *Anales* da JAE (Viqueira, 1915).
- Pasa a formar parte do Consello de Redacción dos *Archivos de Neurobiología*, dirixidos en Madrid por Rodríguez Lafora.
- Imparte no Museo Pedagógico dez leccións teórico-experimentais sobre a psicoloxía experimental para profesores (Viqueira, 1915 e 1916), que en 1919 darán lugar ao libro *Introducción a la Psicología Pedagógica*.<sup>20</sup>
- Presenta dúas comunicacións no Congreso de Valladolid de la Asociación Española para o Progreso das Ciencias (AEPC), analizando o debuxo infantil dende o punto de vista psicolóxico, mediante unha investigación empírica e unha revisión teórica.
- Traduce do alemán e introduce o ensaio de P. Natorp *Kant y la Escuela de Marburgo* de 1912<sup>21</sup>, para achegar a orientación marburguiana aos lectores españois.
- E, tamén en 1915, publica unha serie de artigos que titula “Bosquejo de Psicología Infantil”, con algunhas innovacións con respecto ás súas leccións do Museo Pedagógico, na *Revista General* da editorial Calleja, un lugar onde publicará novos traballos en 1917 e 1919.

Sorteando as dificultades para o seu traballo derivadas da súa enfermidade, en 1917 obtén por oposición a cátedra de Filosofía do

Instituto de Bacharelato de Santiago de Compostela, aínda que nun lapso de breves meses logrará o traslado ao de A Coruña, o seu lugar fundamental de acción ata a súa morte en 1924. No mesmo ano casa con Jacinta Landa Vaz Coronado, quen, como o seu irmán Rubén, estaba igualmente vinculada á ILE en Madrid<sup>22</sup>.

A finais de 1917 iniciábase a intensa nova etapa galega de Viqueira: pasa a formar parte das “Irmandades da Fala”, plataforma identitaria e de normalización da lingua galega; ocupábase dos problemas educativos e culturais de Galicia<sup>23</sup>, mediante escritos en *A Nosa Terra* e como conferenciante; exercerá un tempo como presidente de La Antorcha Galaica do Libre Pensamento, faro en A Coruña de laicismo e de republicanismo, quizais facendo gala dun socialismo ético, ao que en ocasións se aludiu, traído a escena dende influencias marburguianas; prepara e edita dous libros de texto para as súas clases no Instituto; envía algunhas colaboracións e traballos á *Revista de Pedagogía* e aos *Archivos de neurobiología*, e en 1919 solicita de novo (como o fixera en 1917) unha nova axuda, tampouco concedida, á JAE co propósito de estudar asuntos de psicoloxía en Xenebra, ou, no seu caso, en París ou en Londres. Todo iso no medio de frecuentes recaídas da súa saúde. En 1920 publica na *Revista Estudio* “La psicología de W. James”, celebrándoa, o que é para Florentino Blanco mostra da “inflexión intelectual” de Viqueira; en 1921 publica a súa tradución da *Historia de la Filosofía* do marburguiano K. Vörländer (Vörländer, 1921); en 1923 oposita, aínda que sen éxito, á cátedra de psicoloxía da Universidade de Madrid; imparte nese ano varias conferencias sobre a psicoloxía contemporánea no Ateneo Madrileño e no mesmo ano publica as traducións de *El tratado de la naturaleza humana* de Hume e dos *Tres diálogos entre Hilas e Filomus de Berkeley*.<sup>24</sup>

Poucos meses máis tarde, o 28 de agosto de 1924 morría na súa casa de A Lagoa, parroquia de Ouces, de Betanzos, sendo enterrado

civilmente por vontade propia. A súa esposa Jacinta Landa regresaría a Madrid cos seus tres fillos, para volver exercer como docente no Colexio Plurilingüe, ata que estando en Galicia cos seus fillos en xullo de 1936, colleu o camiño do exilio político<sup>25</sup>.

### ***A ELABORACIÓN PSICO-PEDAGÓXICA EN XOÁN V. VIQUEIRA***

Aínda que coa excepción da súa obra *Introducción a la Psicología Pedagógica*, a elaboración psico-pedagóxica de Viqueira non será motivo da nosa atención aquí, ao telo realizado noutro lugar (Costa Rico, 1996), faremos, con todo, unha breve mención. Reunimos un total de 17 contribucións (un libro e 16 artigos, unha parte deles en prensa) escritas por X. V. Viqueira en torno a diversas cuestións psico-pedagóxicas. Dada a existencia de frecuentes repeticións de textos, reducimos tal conxunto ao seguinte:

- O libro *Introducción a la psicología pedagógica*, de 1919.
- “Bosquejo de psicología infantil”, serie publicada en *Estudio*, 1917-1918.
- “Aprender como problema psicológico”, BILE, 1919.
- “Las tendencias psíquicas y su educación”, *Revista de Pedagogía*, 1922.
- “Sobre el dibujo de los niños”, 1915,
- e unha serie de varios traballos sobre os problemas educativos en Galicia e os seus posibles horizontes de solución, publicados en *A Nosa Terra*.

Polos seus conceptos, métodos e datos, trátase dunha temática, con excepción da desenvolvida para Galicia, moi marcada polo discurso psicolóxico: a conciencia e o desenvolvemento mental, as perturbacións non

desenvolvemento psico-físico dos individuos, a intelixencia e a aprendizaxe, ou a psicoloxía individual e a pedagogía experimental, son os asuntos máis frecuentemente abordados.

Na serie “Bosquejo de psicología infantil” perfilou o alcance pedagóxico das leccións que impartira en 1915 no Museo Pedagóxico. Presentaba aquí a psicoloxía infantil como unha rama da psicoloxía xeral que estuda a actividade da conciencia do neno e que axuda a coñecerlo, “para poder cooperar ao seu libre e eficaz desenvolvemento”. Para isto, o neno debería ser estudado de modo integral, como o fai o paidoloxía, sendo, pois, a psicoloxía infantil só unha parte da fundamentación da pedagogía.

Dende a pedagogía, segundo Viqueira, era interesante coñecer o que se sabe sobre as sensacións e as percepcións ou as súas posibles anomalías, ou sobre a memoria e as súas diferenzas individuais, co fin de empregar os procedementos didácticos máis axeitados en cada caso, e co fin de que a aprendizaxe sexa adaptada a cada un. Sería interesante, igualmente, entender como é o coñecemento infantil, ou saber que a linguaxe se desenvolve na etapa escolar baixo a influencia social, ou que os xogos son de grande importancia para o desenvolvemento infantil, pois “son un ensaio xeral da vida”. A vida afectiva, a educación da sensibilidade estética infantil, ou o desenvolvemento da vontade, tamén deberían ser atendidas dende a psicoloxía infantil.

Nas súas referencias á “pedagogía de anormais” detívose Viqueira na consideración da cegueira e da xordomudez e nos suxeitos con perturbacións do sistema nervoso central, pasando revista ao seu diagnóstico, aos métodos de exame da intelixencia e á importancia da chamada “pedagogía experimental”. Os coñecementos médico-psicolóxicos haberían de colaborar para a mellor educación dos suxeitos afectados, facéndoo “útiles a si mesmos e á sociedade na que viven”. A pedagogía experimental, cos seus coñecementos sobre as diversas formas da actividade psíquica infan-

til, e sobre as súas condicións, as leis e tipos especiais da súa evolución e etapas, debería ser de importante colaboración. Ao respecto, segundo Viqueira, debíase ter en conta a existencia de potencialidades de desenvolvemento e de educación nas persoas con “anomalías”; así, por exemplo, sinala que os cegos posúen todos os elementos para lograr un alto desenvolvemento mental se o que se lles ensina se traduce á súa representación do mundo fundamentalmente táctil e ás súas potencialidades e recursos motores; os xordomudos poden ser educados, sostíña, mediante a mímica e as imaxes visuais e táctiles ou mediante a linguaxe visual e muscular, en lugar da linguaxe oral; tamén os “anormais mentais” podían ser educados, tal como Decroly puxera de relevo.

Ao caso, os educadores deberían coñecer a consistencia das anormalidades e os procedementos de diagnóstico, para efectuar o “concreto réxime educador”. Neste contexto, valoraba Viqueira a importancia dos tests, como a escala de Binet, por permitir o estudo dos estados da intelixencia (“un complexo de funcións intelectuais”), debéndose ter constancia, en calquera caso, de que cada individuo posúe un tipo persoal de intelixencia (de modo que non todos aprendemos do mesmo modo e nos mesmos tempos), e unhas tendencias psíquicas singulares educables.

Por outra parte, dado que todo individuo é un ser con expansión constante, aínda que non continua, había que coñecer como acontecen os seus procesos de actividade física e mental, para colaborar no seu libre desenvolvemento potencial, mediante a psicoloxía infantil, a pedagogía experimental e diferencial, e a paidoloxía ao servizo da pedagogía.

#### ***X. V. VIQUEIRA NO CONTEXTO DAS CONFRONTACIÓNS EPISTEMOLÓXICAS DA PSICOLOXÍA INTERNACIONAL***

Nas súas conferencias no Ateneo madrileño en 1923 realizou Viqueira unha exposición

sistemática sobre as liñas dominantes do desenvolvemento científico da psicoloxía, o que se habería de rematar configurando o seu texto *La Psicología Contemporánea*<sup>26</sup>, no que xunto á análise teórica da perspectiva wundtiana aparecen outras perspectivas que, en todo caso e segundo Viqueira, atendían a “dominios parciais do suxeito..., que derivan esencialmente da elección exclusiva da introspección ou da experimentación como métodos de análise” (Blanco, Rosa, 1989), inclinándose Viqueira por defender un eclecticismo integrador dos métodos anteriores, da descrición e da explicación, “para mellor acceder á mente humana na súa irredutible complexidade”, debéndose ter presente, por fin, a súa distinción entre a psicoloxía e a Ciencia da alma, que era para Viqueira un necesario dominio coa pretensión de explorar, máis alá da psicoloxía, as relacións entre esta e a filosofía, situándose deste modo, no campo da metafísica “como ámbito de expansión natural da psicoloxía e o coñecemento por excelencia” Viqueira, 1919), aínda que non sería labor do psicólogo, que se atén a unha ciencia empírica, a construción dunha tal metafísica.

Estas posicións condúcennos para a súa mellor comprensión ao escenario das confrontacións epistemolóxicas existentes no campo da psicoloxía no tempo de Viqueira. “El foi -di Florentino Branco (1996)- un dos poucos españois que puido entender como un problema prioritario o problema da diversidade teórica e da necesidade de reflexionar sobre as súas posibles solucións”.

No escenario, podemos observar os seguintes paradigmas:

- A psicoloxía como ciencia (filosófica) metafísica do espírito; isto é, a psicoloxía escolástica, tradicionalmente concibida como un coñecemento dedutivo das facultades da alma. Unha psicoloxía racional, que a finais do século XIX deu entrada a diversos aspectos da psicoloxía

experimental, como neo-escolasticismo, sen por iso deixar de primar o carácter metafísico e subxectivo da psicoloxía: aceptaba que o intelixible fose actualizado polos obxectos, pero seguía considerando á alma como forma e principio de animación do corpo<sup>27</sup>.

- A psicoloxía como ciencia filosófica empírica, como preconizaba a corrente espiritualista do eclecticismo francés decimonónico.
- A psicoloxía como ciencia antropolóxica do espírito, racional e empírica, con influencias positivistas, situada entre a metafísica e o krausismo, nun intento de harmonización de posicións irreconciliables; é dicir, unha ciencia analítica fundamental da conciencia íntima, oposta ao kantismo pola súa negación da metafísica, pero que garda reservas respecto á formulación da psicoloxía como ciencia independente.
- A psicoloxía como ciencia experimental e psico-fisiolóxica, constituída baixo o influxo do naturalismo e do positivismo científico, paradigma no que se situaron Wundt e os seus discípulos, como tamén unha parte considerable do krauso-positivismo hispano.
- A psicoloxía como ciencia natural fenomenolóxica, seguindo as formulacións de Husserl, como entre nós fixo Ortega e Gasset.

Viqueira sitúase no paradigma da psicoloxía como ciencia experimental e psico-fisiolóxica<sup>28</sup>, se ben, como vimos, ensaia unha posición de diálogo metafísico, coa Ciencia da Alma, na busca dunha fundamentación filosófica funcionalista. Dende aquí fai Viqueira a súa presentación da psicoloxía contemporánea, manifestando tamén as súas coincidencias e as súas discrepancias.

Fronte ás formulacións metafísicas e idealistas que escindían a realidade espiritual da corporal, entre os anos de 1860 e 1880 descubriase no ámbito da neuroloxía que os estímulos eléctricos aplicados ao cerebro provocaban movementos dos músculos e que os devanditos movementos dependían da localización do estímulo. O afondamento no coñecemento do sistema nervioso por parte dos fisiólogos permitía pasar da fisioloxía á psicoloxía e analizar (e medir) a relación existente entre un fenómeno físico considerado como excitante causal e o fenómeno psíquico resultante<sup>29</sup>.

Dende o postulado da experiencia, como única fonte de verdade, abriuse entón paso a psicofísica, e en 1873 Wundt publicaba os seus *Principios de psicoloxía fisiolóxica*, establecendo unha relación entre o fisiolóxico e a conduta, á vez que constituíndo a psicoloxía como ciencia autónoma con respecto á filosofía e como ciencia rigorosamente experimental dos procesos e fenómenos psíquicos<sup>30</sup>. Como “o estudio científico da vida da alma”; a análise dos fenómenos psíquicos a través dos compoñentes fisiolóxicos da conduta. A aposta de Wundt era importante, pero limitada por atender só ao estudo dos procesos ou funcións psicolóxicas inferiores, coa atención fundamentalmente posta na análise da influencia das sensacións (externas, ou internas, é dicir, quinestésicas) e das percepcións na vida representativa, destacando, en todo caso, o concepto de “apercepción”<sup>31</sup>.

Wundt procedía de forma analítica ao buscar e estudar illadamente do conxunto cada un dos elementos que compoñen os procesos psíquicos elementais que constitúen a experiencia do suxeito, aínda que defendeu a unidade da conciencia e considerou como unha totalidade o conxunto dos datos fisiolóxicos e psíquicos obtidos fundamentalmente mediante observación experimental. Ao respecto, sostén Cerezo Manrique (1994) que “se atendía moito á descrición e medida dos fenómenos sensoriais”, bastante menos á memoria



e á asociación de ideas e case nada á abstracción, á imaxinación e ás funcións lóxicas”. Con todo, Wundt distanciábase da psicoloxía mecanicista e asociacionista inglesa, e concedía maior importancia aos fenómenos de sentimento<sup>32</sup> e vontade, que, segundo el, incidían na a percepción.

Este estudo das funcións psicolóxicas fariase mediante dous procedementos de análise: a experimentación e a observación propia ou introspección, tendo en conta neste caso que os contidos de conciencia analizados representan o mundo exterior e que é posible reflexionar sobre as observacións propias, a diferenza da tradicional psicoloxía filosófica introspectiva, na que a alma non se enfrontaba á realidade exterior, senón consigo mesma e coa pegada que nela puideran deixar as cousas, como sinalou Barnés (1932).

Ao contrario de Wundt, que sostíña que os procesos psicolóxicos superiores, como o pensamento -situado máis alá do espazo e do tempo-, non podían estudarse no laboratorio, discípulos seus, como Oscar Külpe (1862-1915) e, en certo modo, tamén Binet, romperían tal suposto. Segundo eles, a elaboración de conceptos, xuízos e razoamentos, a facultade de comprender, a memoria na súa variedade ou a linguaxe, poderían ser analizados a través da chamada “introspección sistemática”<sup>33</sup>, ou tamén “método de Wurzburg”, defendido, así mesmo, por K. Bühler<sup>34</sup>. Os anteriores, influenciados por Ebbinghaus<sup>35</sup>, non obstante asociacionista, por Stumpf<sup>36</sup> ou por G. E. Müller, desenvolveron, pois, a “psicoloxía de pensar”<sup>37</sup>, segundo analizaou Pérez Delgado (Pérez Delgado, Moltó, García Ros, 1989).

Nesta perspectiva, Binet levou a cabo un importante traballo centrado no estudo experimental da intelixencia (1903: *L'étude expérimentale de l'intelligence*) despois de abandonar o estudo cefalométrico e de substituílo por unha “escala” (1905, 1911) de probas relativamente sinxelas, nas que a “capacidade

de xuízo” aparecía como o factor primordial da intelixencia. Neste sentido, a el se lle debe, sobre todo, o método dos tests mentais (creado polo psicólogo americano Mc. K. Catell, en 1890), entendendo que este modo de análise das funcións psíquicas superiores permitiría diferenciar moito mellor os individuos<sup>38</sup>, que non a análise da súa acuidade táctil ou olfactiva, como era habitual nos laboratorios de Psicoloxía.

En todo caso, era a de Binet unha concepción xenetista da intelixencia, que impediu percibir outros posibles “factores (sociais e de desenvolvemento) de máis peso ou diferenciación individual” (Cerezo, 2001), que condicionou o modo de diagnosticar a intelixencia xeral dos suxeitos<sup>39</sup>. O seu método de escala por idades para o exame da intelixencia tería unha considerable influencia no terreo escolar<sup>40</sup> e sería precisado posteriormente<sup>41</sup>. Pola súa parte G. Stern, o precursor da psicoloxía diferencial, que estudara con Stumpf e con Müller e que sucede a E. Meumann no Laboratorio de Pedagogía Experimental de Hamburgo, avanzará na definición da intelixencia como capacidade ou “facultade xeral - dun individuo- de adaptación a novos problemas e circunstancias da vida”; proponendo a súa máis axeitada medida mediante o concepto de Coeficiente de Intelixencia (CI), que designa a relación entre a “idade da intelixencia” e a idade cronolóxica do individuo, establecendo un continuo que oscila entre a normalidade e a desviación da normalidade, nun sentido superior ou inferior.

Nunha perspectiva diferente, menos preocupada pola análise estrutural dos procesos psicolóxicos, desenvolveuse dende finais do século XIX en Norteamérica e baixo a influencia de Stanley Hall a corrente funcionalista, promovida dende 1890 por W. James; apoiándose no evolucionismo e nunha interpretación principalmente biolóxica do psiquico atende, en particular, ao estudo das funcións dos procesos mentais conscientes -que son de índole psicofisiolóxico- e das condutas

que as persoas realizan para adaptarse ao seu medio, definindo neste caso a conciencia non como a “función de enlace dos contidos psíquicos”, como indicaba Wundt<sup>42</sup>, senón como un instrumento para a adaptación, “un recurso desenvolvido para gobernar un sistema nervoso demasiado complexo para autodirixirse”, interesando máis a comprensión das operacións mentais, que a definición dos elementos estruturais, pois os contidos da conciencia son vistos como un constante fluír.

Esta perspectiva funcionalista mobilizou o estudo do desenvolvemento evolutivo infantil e xuvenil -a tamén chamada psicoloxía do desenvolvemento-, dende o que se elaboraron múltiples probas ou tests para o exame de aptitudes e de intereses, do comportamento infantil, e da paidoloxía. Foi, así mesmo, para Carpintero (2003), o contexto dende o que Bühler (en 1929) e Gesell (en 1930) construíron as súas “escalas de desenvolvemento”, e dende o que se promoveu, con Claparède, Bovet e máis tarde con Piaget, a “Escola de Xenebra”, coa súa marcada visión funcionalista de saber.

Un camiño de observación diferente foi o seguido polo ruso I. Paulov (1903) co seu estudo dos reflexos condicionados da conduta e a súa teoría das leis do condicionamento, que permitía concluír que toda conduta era unha resposta a un determinado estímulo ou axente do ambiente. Unha posición que se sitúa na base do chamado condutismo ou obxectivismo (*behaviorism*), formulado polo americano Watson, quen, - dende a súa posición tamén elementarista ou atomista-, afirmaba que a conduta dos suxeitos debía ser entendida como unha resposta do organismo enteiro, que por iso podía ser observada e medida obxectivamente, pero non así os procesos mentais superiores, o que lle levou a apartar das súas preocupacións o estudo da conciencia e a metodoloxía introspectiva.

Contrariamente ao obxectivismo condutista, pero tamén ao estudo elementarista dos

wundtianos e á Escola de Wurzburg, desenvolveuse dende os anos 20 unha perspectiva máis próxima á filosofía fenomenolóxica: a da *Gestalt*. En lugar de observar sensacións, imaxes e sentimentos, os *gestaltistas* propoñían observar os fenómenos mentais de modo estruturado e non como elementos independentes, baixo o suposto de que a mente percibe totalidades, o que lles levou a revitalizar a metodoloxía introspectiva. A *Gestalt* afirma que a experiencia do suxeito é unha totalidade estruturada; é máis que a suma de partes elementais e sensoriais, rexeitando por isto o método analítico de Wundt, que é substituído polo fenomenolóxico. Esta liña de estudo dos individuos na súa “totalidade”, tendo en conta como indicaba Koffka, a “progresiva estruturación da conciencia”, deixaba ao descuberto os límites dos tests mentais, mentres a *Gestalt* acentuaba a solidariedade entre a estrutura e a función, e a unión entre estrutura e aprendizaxe.

Noutra orde de cousas, o médico vienés Sigmund Freud coa súa obra *A interpretación dos soños* (1900) poñía de relevo que os contidos da conciencia son máis amplos que os propiamente conscientes; que hai contidos inconscientes e que a conduta está continuamente condicionada por forzas interiores (o psiquismo inconsciente) e por conflitos emocionais da personalidade, facendo destacar a importancia dos impulsos sexuais. Con todo iso, construía unha teoría global da Personalidade (“Psicoanalítica”), coa que abriu paso á chamada “psicoloxía profunda”. Os conceptos que dende aquí se elaboraron (“Principio de pracer”, “principio de realidade”; “complexos de...”, “compensación”, ...) e as análises propiciadas con eles tiveron unha forte incidencia nos estudos de psicoloxía infantil, de psicopatoloxía e de psicoloxía social.

Ten razón Florentino Blanco ao falar do eclecticismo integrador de Viqueira “para mellor acceder á mente humana na súa irreductible complexidade”. Concédelle importancia á psicoloxía wundtiana, pero discrepa da súa

concepción estática da vida da conciencia, da súa limitación aos procesos psicolóxicos inferiores e do seu pouca consideración da introspección e, por isto inclínase polos autores da Escola de Wurzburg. Coincide co dinamismo e a temporalidade da conciencia preconizados polo funcionalismo de W. James, aínda que non exclúe, como recolle Carpintero na súa *Historia de la Psicología* ao falar de Viqueira, a posibilidade dalgún tipo de medida, e considera que hai en James unha minusvaloración do contido afectivo da conciencia (Viqueira, 1930), mentres aínda aceptando o dinamismo bergsonianos se distancia do seu enfoque netamente filosófico. Defende como base da psicoloxía a introspección, aínda que combinada cos métodos obxectivos e experimentais, polo que considera inadecuados o enfoque obxectivista (coa súa visión mecanicista dos suxeitos), e concede unha limitada atención tanto á *Gestalt* coma á Psicanálise, a pesar de que a súa visión da vida mental como unha totalidade o predispón á aceptación da *gestaltheorie*. W. James, coa súa proclamación do dinamismo da conciencia, O. Külpe coa súa reclamación da análise introspectiva e G. Stern, cos seus traballos de psicoloxía diferencial e coa súa definición funcional da intelixencia<sup>43</sup>, quen ademais, e xunto con C. Bühler, propugnou a complementación e a síntese entre unha psicoloxía científico-natural e unha psicoloxía científico-espiritual, quizais foran os autores de maior resonancia en Viqueira. Ao respecto, di Carpintero (1994) que “Viqueira representou a posibilidade dunha integración” entre a experimentación alemá (descrición e método obxectivo), o pensamento comprensivo de Bergson e a fenomenoloxía de Husserl (explicación e introspección)”.

### **A OBRA INTRODUCCIÓN A LA PSICOLOGÍA PEDAGÓGICA**

A obra (222 pp.), que se desenvolve a través dun esquema de dez capítulos, de vinte ou máis páxinas cada un, faino dun modo non desconforme con outras obras recoñecibles na

súa época sobre psicoloxía pedagóxica, se ben presenta unha ordenación non suficientemente clara e precisa en todo o seu percorrido, como creo que tamén Florentino Blanco detectou.

Despois do seu capítulo primeiro en que aborda o concepto de psicoloxía e as súas correntes e unha reflexión sobre a súa posible utilidade para os mestres, fai a presentación temática que se indica:

2º Descrición da conciencia

3º As sensacións

4º (A súa) localización. Sentimentos

5º Os procesos de conciencia e a percepción

6º A memoria

7º Pensamento e fantasía

8º O aspecto afectivo dos procesos de conciencia

9º A vontade e a atención

10º A personalidade.

É máis unha obra que realiza a presentación, como el a entende, do campo da psicoloxía coa posible aplicación das súas conclusións á educación, que unha obra de investigación ou un ensaio interpretativo, e é de interese sinalar as súas apoxaturas e autores de referencia. Son 77 os distintos autores, non tanto citados, que son moitos menos, como referenciados na bibliografía final, se ben só de 27 deles se citan dous ou máis dos seus traballos (libros e artigos). Moitos dos citados son na actualidade autores de menor transcendencia e entre eles o que detectamos, fundamentalmente, son psicólogos que escriben maioritariamente en alemán, por menos de dez que o fan ou en inglés, ou en francés ou en castelán. Os máis referenciados son Wundt con 10 traballos; Ebbinghaus, con 9; G. Stern,

con 7; Meumann, con 6; Binet e W. James con 5; Tichener, con 4; Nagel, con 4; e con tres cada un: Th. Lipps e Claparède.

Nunha presentación sintética, sinalamos que a obra parte de que a “psicoloxía” se ocupa da conciencia, é dicir, da experiencia de vida interior na súa totalidade -”o que existe, pasa e transcorre no noso espírito”-, e en relación a un organismo que vive nun medio exterior, algo que pode ser analizado, ou a través dun método experimental, asentado no paralelismo psicofísico, para uns, ou, para outros, só a través de observación interna (introspectiva), non medible fisicamente, o que conduciu á existencia de varias correntes de estudo, unha delas mesmo negadora da conciencia, e a posicións eclécticas, entre as que Viqueira se acha.

A psicoloxía axuda a coñecer diversas características dos individuos e a súa evolución, e sendo a educación unha intervención consciente sobre eles, hai que convir, segundo Viqueira, que a psicoloxía pode vir en axuda da pedagogía, sen descoñecer por iso, sostíña (p. 22), que a educación supón un ideal segundo o cal se educa, que é filosófico, e que non se fundamenta na psicoloxía.

A psicoloxía axuda, dito de modo concreto, no exame dos órganos dos sentidos, o que é importante dende o punto de vista perceptivo e educativo; axuda a diagnósticar procesos de conciencia ou as súas alteracións (exames de intelixencia, diagnóstico da fatiga, tipos de memoria, ...), e infórmanos sobre o curso xeral da evolución mental, ou as súas incidencias en relación coa afectividade, o medio ou as diferenzas sexuais. De todos os xeitos, os mestres non poden ser tamén psicólogos, o que xa alcanza unha constatable complexidade, aínda que é positivo que teñan unha axeitada información sobre o que é o espírito dun ser humano, o que é posible ou imposible, ou o que é normal ou anormal<sup>44</sup>.

A conciencia, sostén no capítulo 2, é unidade na medida en que é persoal (“cualitati-

va”), pero tamén multiplicidade sucesiva, sendo esta os diversos procesos de conciencia, que son as diversas clases da “actividade da alma”. A través dos nosos sentidos recibimos impresións complexas do mundo que nos rodea e que son de distinta intensidade: referímonos ás sensacións diversas, como, por exemplo, as auditivas ou as visuais, que é bo recoñecer para a educación; sensacións que se atopan afectadas nos cegos e nos xordos, o que impón, segundo o grao percibido, modificar os procedementos e recursos de ensino. Ao mesmo tempo, sabendo que os sentidos se educan (a través do traballo manual, do debuxo, da música, ...) hai que incidir niso.

Neste sentido, é oportuno coñecer para unha mellor educación as conclusións que ofrece a investigación sobre a localización das sensacións como elemento de representación, ou sobre o que se pode pensar sen imaxes, ou sobre o papel xogado polos sentimentos e os fenómenos fisiolóxicos acompañantes.

Entre os procesos de conciencia podemos distinguir: uns lóxicos e representativos, como son a percepción, a reprodución de algo non percibido no presente, a imaxinación ou o pensamento e outros afectivos (os sentimentos), e ambos os dous poden darse unidos.

En canto á percepción hai que referirse á percepción do espazo no neno (G. Stern), á do tempo e á do movemento, e o seu coñecemento pode axudar igualmente na intervención educativa.

No capítulo 6º fala Viqueira sobre a memoria: os seus tipos, as leis de asociación, a súa evolución e o problema do testemuño, e sobre a importancia de coñecer os datos achegados pola psicoloxía.

Sobre o pensamento e a fantasía discorre o capítulo 7º: conceptos, xuízos e razoamentos. As teorías explicativas da elaboración dos conceptos, o pensamento sen imaxes, a xénesis dos conceptos (de acción e de relación), e a

súa relación coa linguaxe e o desenvolvemento deste, son aquí abordados, como tamén a fantasía ou a súa relación coa realidade, ou a importancia do xogo e da arte infantil con referencias á educación do gusto estético.

Todos os procesos de conciencia mostran aspectos afectivos, con diversas formas de emoción e de sentimentos que evolucionan no neno. Por outra banda, a vontade ou as súas perturbacións, como a fatiga, inciden na atención e en procesos de conciencia.

No capítulo 10º ocúpase da personalidade, das disposicións innatas como determinantes da evolución mental, do influxo dos factores externos, dos períodos ou etapas da evolución do espírito cara á súa madurez, ou das súas alteracións, facéndose eco das investigacións levadas a cabo por Stern ou Binet en canto á psicoloxía individual.

Nunha valoración descritiva da obra di Cerezo Manrique (2001):

*A Introducción a la psicología pedagógica*, considerada a primeira monografía especializada en psicoloxía educativa, en sentido moderno, publicada en España, entendía a psicoloxía pedagóxica como o conxunto de coñecementos psicolóxicos referidos ao individuo, no seu desenvolvemento individual e diferencial, que lle permitían ao educador dirixir e estimular activamente o proceso educativo. Constaba, polo tanto, a psicoloxía educativa de varias ramas psicolóxicas, como a psicoloxía xeral que versaba sobre a organización xeral do espírito, a psicoloxía evolutiva ou do desenvolvemento persoal, a psicoloxía diferencial e tipolóxica e, finalmente, a psicoloxía do diagnóstico mental ou medición das aptitudes.

Como obra de carácter introdutorio e didáctico para mestres e profesionais da educación, achegaba a estes, non só unha serie de coñecementos xerais e teóricos sobre a psicoloxía xeral e as ramas da psicoloxía xené-

tico-evolutiva e diferencial, senón tamén sobre a aplicabilidade educativa destas<sup>45</sup>.

Pola súa parte, e nun ton crítico e valorativo desta obra de Viqueira di Florentino Blanco (1993):

A descrición das implicacións educativas da análise psicolóxica dos elementos, procesos e outros factores da vida de conciencia segue en Viqueira un curso un tanto arbitrario. Non atopamos un criterio conceptual ou metodolóxico claro polo que Viqueira puido seleccionar os datos que ofrece ao longo do libro. Máis ben hai que pensar, que a selección do material empírico está forzada por dous factores, un formal e outro pragmático. Por un lado, selecciónanse aqueles datos que cadran formalmente, á marxe da súa coherencia teórica, coa organización do texto, que depende, como sabemos, da súa concepción da Psicoloxía Xeral. Por outro lado, hai que pensar que o libro, ou, polo menos o curso en que se basea, estaba destinado a unha audiencia cunha escasa ou nula, formación psicolóxica, de maneira que Viqueira non podía optar por un discurso empírico excesivamente sofisticado.

Non cremos, non obstante, que estas consideracións permitan explicar totalmente os desequilibrios aparentes entre as distintas partes do texto nas que se intenta ilustrar a aplicabilidade da investigación psicolóxica á educación, e a ausencia, en xeral, dunha unidade orgánica entre o aspecto xeralista e o aspecto aplicado do libro<sup>46</sup>.

Por todo iso, di, “a psicoloxía pedagóxica viqueiriana non é a obra dun psico-pedagogo; é máis, unha psicoloxía xeral aplicada, en sentido estrito”<sup>47</sup>, valoración que creo é acertado compartir. En efecto, ofrece reflexións e datos empíricos que nalgunha medida podían axudar a resolver problemas escolares, pero queda lonxe do que coetaneamente ofrecían xa outras obras, como as de Meumann, Lay, Simon, Binet, ou Claparède.

## **UN ENSAIO DE COMPARACIÓN DA INTRODUCCIÓN Á PSICOLOXÍA PEDAGÓGICA NO MARCO DA PUBLICÍSTICA COETÁNEA.**

¿Onde se sitúa a obra de Viqueira *Introducción a la Psicología Pedagógica* polo seu tratamento temático e achegas, nun intento de comparación coa publicística similar e coetánea?

Nun intento de calibración e sobre o suposto da súa adscrición ao paradigma que define a psicoloxía como ciencia experimental, creo oportuno sinalar que no interior deste paradigma é preciso dicir que foron varias as correntes que o tipificaron. Poderíamos falar das seguintes correntes:

- Psicoloxía wundtiana
- Psicoloxía do pensamento
- Gestalt
- Obxectivismo
- Psicanálise
- Funcionalismo
- Posicións eclécticas

Correntes que poderíamos agrupar e distribuír nas seguintes categorizacións:

- Punto de vista elementarista e estático.
- Punto de vista estrutural.
- Punto de vista dinámico e orgánico.

Dende o punto de vista elementarista encadraríanse: a psicoloxía wundtiana, a psicoloxía do pensamento e algunhas posicións eclécticas. Dende o punto de vista estrutural situaríamos a Gestalt. Dende o punto de vista dinámico e orgánico encadraríamos aquí o funcionalismo, o obxectivismo e a psicanálise.

Dende outra óptica, como psicoloxías da conciencia falaríamos da psicoloxía wundtiana,

a psicoloxía do pensamento, a *Gestalt* e o funcionalismo. Como corrente que non reconece a conciencia debemos referirnos ao obxectivismo (Paulov, condutismo). Polo seu recoñecemento do inconsciente é preciso referirse á psicanálise.

Dende a óptica investigadora e metodolóxica podemos falar das correntes en que predomina a experimentación (psicoloxía wundtiana, obxectivismo), e daquelas outras en que predomina a introspección (psicoloxía do pensamento, a *Gestalt*, o funcionalismo e a psicanálise).

Nunha apertada síntese esquemática destacaremos o que segue:

- Na psicoloxía wundtiana destaca o interese polo estudo dos procesos psíquicos inferiores asociativos e reprodutivos, entendendo os elementos simples como a verdadeira realidade da conciencia, sendo autores importantes, entre outros, Wundt e E. Meumann.
- Na psicoloxía do pensamento destácase a análise dos procesos de pensamento (abstracción, imaxinación, razoamento e xuízo, funcións lóxicas,...) e os volitivos, sendo autores a considerar, entre outros, O. Külpe, K. Bühler, Binet, ou G. Stern.
- Na psicoloxía funcionalista destacamos o dinamismo e a fluencia da conciencia e o carácter orgánico e adaptativo do comportamento humano e das manifestacións da intelixencia, sendo autores referentes, entre outros, W. James, E. Claparède ou O. Decroly.
- Na psicoloxía da Gestalt destácase o seu enfoque estrutural dos fenómenos mentais e a súa crenza na progresiva estruturación da conciencia e na unión entre estrutura e aprendizaxe, destacando Koffka entre os autores principais.
- Na psicoloxía obxectivista destaca o seu entendemento da conduta como unha resposta do organismo enteiro obxectivo, o que debería aconsellar a renun-

cia ao estudo das sensacións, o pensamento e os sentimentos, debéndose citar entre outros a Paulov e a Watson.

- Na psicoloxía psicanalítica é preciso referirse á visión integral e complexa da personalidade, condicionada por forzas interiores non conscientes e por posibles conflitos emocionais, segundo a perspectiva aberta por S. Freud.

A obra de Viqueira adopta unha posición ecléctica máis próxima do punto de vista elementarista que do estrutural, ao mesmo tempo máis próxima da psicoloxía do pensamento que non da psicoloxía wundtiana, e cunha visión máis dinámica que estática da conciencia, baixo a influencia de G. Stern e

de W. James, e de Bergson dende o plano filosófico.

Dito isto, poderíamos preguntarnos pola súa achega e posición no marco da publicística coetánea, para alcanzar dende unha visión comparativa a certeza dunha axeitada interpretación, e a ese respecto fixemos unha selección posible e non arbitraria de obras de similar temática (entre a psicoloxía pedagóxica, a pedagogía experimental, a psicoloxía infantil e a pedagogía) que pola súa autoría e circulación poderían considerarse de referencia nestes campos entre os anos 10 e os aproximadamente anos 40 do século XX, tal como podemos ver no cadro 1.

**CADRO 1:** Obras referentes da relación entre psicoloxía e pedagogía. 1910-1940

- BARNÉS, D., *La Paidología*, Espasa-Calpe, Madrid, con edics. de: 1918, 1924, 1932 y 1936.
- BARNÉS, D., *El desenvolvimiento del niño*, Labor, Madrid, 1928.
- BIERVLIET, J.J.V., *Primeros elementos de pedagogía experimental*, Reus, Madrid, 1925 (orig: 1911). Traduc. de Rodolfo Llopis.
- BINET, A., *Les idées modernes sur les enfants*, Flammarion, París, 1911.
- CLAPARÈDE, E., *Psicología del niño y pedagogía experimental*, Francisco Beltrán, Madrid, 1910 (orig: 1904).
- CLAPARÈDE, E., *Psychologie de l'enfant et Pédagogie Expérimentale*, Kunding, Geneve, 1916, 6ª edic.
- CLAPARÈDE, E., *A escola e a psicologia experimental*, Melhoramentos, São Paulo, 1928 (orig: 1925). Traduc. De Lourenço Filho.
- DECROLY, C., *Psicología aplicada a la educación*, Francisco Beltrán, Madrid, 1934. (Traduc. de Jacobo Orellana).
- FARIA DE VASCONCELLOS, *Lições de Paidologia e Pedagogia Experimental*, Librería Bertrand, Lisboa, 1914. Consultamos a 3ª edición con 420 pp. As súas referencias bibliográficas chegan a 1912.
- FINGERMANN, G., *Psicología pedagógica e infantil*, El Ateneo, Bos Aires, 1975.
- JAÉN, J., PEINADO ALTABRE, J., *Manual de Paidología*, Ferreira, Madrid, 1933.
- JAÉN SÁNCHEZ, J., PEINADO ALTABRE, J., *Psicología Pedagógica*, Aguilar, Madrid, 1932.
- KLEMM, O., *Psicología para maestros*, Publicaciones de la Revista de Pedagogía, Madrid, 1924 (3ª edic. en 1935). (Trad. Emilio Mira).
- PLANCHARD, E., *Introdução à psicologia das crianças*. Armenio Amado, Coimbra, 1942.
- PLANCHARD, E., *A investigação em Pedagogia*, Armenio Amado, Coimbra, 1974, 4ª edic. revisada e aumentada.
- RICHARD, G., *Pedagogía experimental*, D. Jorro, Madrid, 1913 (orig: 1911). (Traduc. Anselmo González)
- SIMON, Th., *Pedagogía experimental. Escritura, Lectura, Ortografía*, Madrid, 1929 (orig.: 1922). (Traduc. de Anselmo González).
- VIQUEIRA, J.V., *Introducción a la Psicología Pedagógica*, Beltrán, Madrid, 1919.

A análise realizada da súa temática concreta, da súa organización e das súas fontes e apo-

xaturas lévanos a posicionar as anteriores obras do seguinte modo no cadro 2 construído:

**CADRO 2:** distribución das obras segundo corrente de pertenza

<b>Posición elementarista</b>		
<b>Ps. wundtiana</b>	<b>Ps. do pensamento</b>	<b>Enfoque ecléctico</b>
Meumann, 1914	Binet, 1911 Simon, 1922 Richard, 1911	Biervliet, 1911 Klemm, 1935 Lippmann, 1924 Planchard, 1974
<b>Posición estrutural (Gestalt)</b>		
-----		
<b>Posición dinámica e orgánica</b>		
<b>Funcionalismo</b>	<b>Obxectivismo</b>	<b>Psicanálise</b>
Claparède, 1910, 1916 Decroly, 1934 Barnés, 1918, 1928 Jaen e Peinado, 1932, 1933 Planchard, 1942	-----	-----
<b>Enfoque ecléctico xeral</b>		
	Claparède, 1925 Faria, 1915 Viqueira, 1919 Fingermann, 1975	

Fonte: elaboración propia

Este cadro reflicte unha considerable coexistencia entre a posición estática e mentalista e a dinámica (xenética) e orgánica, aínda que co transcórren dos anos apréciase algunha maior afirmación desta última. A este respecto, paga a pena que fagamos unha breve explicación en maior detalle de, polo menos, unha parte das obras e autores citados neste anterior segundo cadro, procurando evitar a redundancia.

Binet (1911) escribe dende as posicións da Escola de Wurzburg, como unha psicoloxía aplicada ao servizo da educación, se ben pon atención ao desenvolvemento físico e ás cuestións de desenvolvemento moral, como mos-

tra da incorporación á súa teorización da psicoloxía funcionalista. A obra de Simon (1922), colaborador do anterior, procura desenvolver en varias disciplinas académicas unha pedagogía experimental, ou mellor unha didáctica experimental -a imaxe do alemán W. A. Lay-, sobre os supostos da psicoloxía do pensamento (a diferenza de E. Meumann), ao mostrar os varios posibles procedementos didácticos a utilizar en atención á diversidade de grupos escolares. A obra de Richard, a pesar de titularse *Pedagogía experimental* aborda fundamentalmente os máis usuais contidos dunha psicoloxía pedagóxica, neste caso baixo a declarada influencia de Binet.



Diciamos que adoptaban un enfoque eclético: Biervliet (1911), cunha obra moi difundida, que está conectada coas posicións de Wundt e de Meumann, se ben incorpora algúns elementos relacionados coa psicoloxía do pensamento; Klemm, aínda difundido en España en 1935, é tamén un autor elementarista, aínda que aberto cara ao estruturalismo; Lipmann mostra unha confluencia entre a psicoloxía wundtiana e a do pensamento, e tamén Planchard, na súa obra *A investigación en Pedagogía*. Unha obra que comeza coa exposición da psicoloxía wundtiana (asociacionista) e que se acha próxima á Biervliet, pero que é debedora en maior medida de Binet. Este eclecticismo non nos impide situar outra das obras de Planchard na corrente funcionalista, como veremos.

Falemos xa das obras que situamos na posición dinámica e orgánica. Adscribímolos todas elas á corrente funcionalista. Falamos en primeiro lugar da grande obra de Claparède sobre psicoloxía infantil e pedagogía experimental, con varias e renovadas edicións. Na fundamentación da devandita obra pesan de modo sobresaínte a psicoloxía do pensamento, a Gestalt e o funcionalismo, pero creo que este lle dá a máis acabada tonalidade, sobre todo a partir da sexta edición de 1916; unha edición na que se rexistran cambios en canto ao capítulo sobre os métodos e o dedicado ao desenvolvemento mental, concedendo crecente protagonismo á concepción psico-biolóxica dos intereses, e á súa evolución. Tamén o tratamento do desenvolvemento evolutivo goza de maior protagonismo ou de novo protagonismo en comparación con textos anteriores. Nunha liña nitidamente funcional, aínda máis nas edicións de 1932 e 1936, sitúase *La paidología* de Barnés, como estudo do neno en todos os aspectos somáticos e psíquicos para a súa axeitada educación<sup>48</sup>, o que igualmente pon de manifesto no seu *El desenvolvimiento del niño* (1928), unha obra na que se consideran a conduta do neno, os instintos, unha teoría xeral dos movementos, o desenvolvemento físico e varias etapas

para o seu desenvolvemento psíquico; como vemos, o seu temario está definitivamente afastado, e non incorrectamente, de tratamentos anteriores, para dar lugar a un tratamento paidolóxico, asentado no funcionalismo<sup>49</sup>.

Creo que menor forza ten o funcionalismo, tanto na obra citada de Decroly, coma na sinallada de Planchard, por canto que os modos de tratamento propios da psicoloxía do pensamento, como os da Gestalt son moi importantes no conxunto de cada unha das obras; aínda así, o funcionalismo, coa súa decantación polo evolutivo, a pegada biolóxica, ou polo comportamento, marca o punto de arranque de cada unha destas dúas obras. Son exemplares, neste sentido, os textos de difusión elaborados por Juan Jaén e José Peinado -este alumno de Piaget en Xenebra- nos anos 1932 e 1933. A *Psicología Pedagógica*, construída dende a corrente funcionalista, non se detén nas cuestións psicofisiolóxicas e psicométricas, e si o fai, en troques, no que significan para a educación a Gestalt e aínda máis a psicanálise, falando, por iso, das súas aplicacións pedagóxicas. O funcionalismo é clave para a formulación do *Manual de Paidología*, aínda que nel estea moi presente, en particular, a psicoloxía do pensamento; un manual que aparece organizado con esta clara perspectiva:

- I: a construción das bases bio-psicolóxicas.
- II: a construción da imaxe do mundo (percepcións estruturais, diversificación, desenvolvemento das funcións mentais receptivas, desenvolvemento das funcións mentais de elaboración, e medida do desenvolvemento mental);
- III: a expresión da imaxe do mundo (linguaxe, xogo, fantasía,...), e
- IV: o eu do neno e o mundo circundante (afectividade, vontade, personalidade e carácter, psicoloxía evolutiva,...).

Pechamos cunha referencia a textos que consideramos eclécticos no seu enfoque e tratamento das cuestións: o de Viqueira está construído baixo a marca da psicoloxía do pensamento, aínda que non están nel ausentes as preocupacións funcionalistas e algúns elementos gestálticos. Isto, creo que de modo máis marcado, está a rexer a boa organización (ecléctica) da obra de Faria. Se G. Stern aparece modulando a obra de Viqueira, na obra de Faria, e xunto co Claparède anterior a 1916, faino moito máis. O Claparède de 1925, á hora de estudar experimentalmente operacións mentais ou aptitudes implicadas en diversas aplicacións pedagóxicas parte, sen dúbida, dunha posición funcionalista, pero volve a vista cara a Meumann e cara a Binet e Simon dun modo similar ao que víramos en

Viqueira (1919). Unha referencia final realizaremos á obra ecléctica de Fingermañ (1975), na que nos chama a atención que os seus referentes se sitúen substancialmente entre Meumann e Claparède, a pesar de ser escrita moitos anos despois.

Noutra orde de cousas, hai que sinalar que unha parte dos libros anotados compartían temáticas complementarias: antropolóxicas, psicolóxicas, pedagóxicas ou sociolóxicas, que hoxe se unificaron parcialmente en torno ao xenérico concepto de psicopedagogía. Conscientes disto, presentaremos, finalmente, a adscripción predominante das obras citadas aos campos da psicoloxía pedagóxica<sup>50</sup>, a pedagogía experimental<sup>51</sup> e a paidoloxía<sup>52</sup>, como o sinalamos no cadro 3.

**CADRO 3:** campos de estudio de diversas obras

<b>Psicoloxía pedagóxica</b>	<b>Pedagogía experimental</b>	<b>Paidoloxía</b>
Binet	Meumann	Barnés
Richard	Simon	Barnés (1928)
Klemm	Biervliet	Jaén, Peinado (1933)
Lippmann	Planchard	
Claparède	Claparède (1925)	
Jaen, Peinado (1932)	Decroly	
Planchard, 1942		
Faria		
Viqueira		
Fingermañ		

Fonte: Elaboración propia.

Ata aquí chegou a nosa revisión suscitada pola obra de Xoán Vicente Viqueira, destacado filósofo, *pedagoxista* e sobre todo psicólogo do noso País.

### **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

Barnés, D. (1932). *La Paidología*. Madrid: Servizo de Publicacións da Revista de Pedagogía.

- Blanco Trejo, F. (1989). La visión de Viqueira sobre la psicología infantil y pedagógica. *Revista de historia de la psicología*, 10, pp. 117-125 (coa colaboración de A. Rosa)
- Blanco Trejo, F. (1993). *Juan Vicente Viqueira y la psicología española de principios de siglo*. Tesis Doctoral, Universidad Autónoma de Madrid, Madrid.
- Blanco, F.(1996). Xoán V. Viqueira. En SAIZ, M., SAIZ, P. (Coords.) (1996). *Personajes para una historia de la psicología en España* ( pp. 269-282). Madrid : Pirámide.
- Carpintero, H. (2003). La influencia da Escuela de Ginebra en la Psicología Española. *Revista de Historia de la Psicología*, 24, pp. 255-271.
- Carpintero, H. (1994). *Historia de la psicología en España* (pp.177-183). Madrid: Eudema Universidad.
- Cerezo Manrique, M. A. (2001). *Los comienzos de la psicopedagogía en España*. Madrid: Biblioteca Nueva,
- Costa Rico, A. (1986). *A reforma da educación. X. V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia (1906-1936)*. Sada: E. do Castro.
- Pérez-Delgado; Moltó, J., García-Ros, R. (1989). Los comienzos del estudio experimental del pensamiento: el método de Wurzburg e el método de París, a principios del siglo XX. *Revista de Historia de la Psicología*, 1-4, pp. 11-18.
- Porto Ucha, A. (1986). *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (pp. 319-333 y notas). Sada: E. do Castro.
- Regueira, R. (1992), *X. V. Viqueira. Teoría e praxe*, Novo Século, Padrón.
- Torres Regueiro, X. (1987). *Xoán Vicente Viqueira e ou nacionalismo galego*. Sada: E. do Castro.
- Viqueira, J. V. (1930). *La psicología contemporánea*. Barcelona: Labor.
- Viqueira, J. V. (1915). La psicología en las Universidades alemanas. *Anales de la Junta para Ampliación de Estudios. Memoria 1ª*, XV, pp. 7-28.
- Viqueira, J.V. (1915). La psicología experimental y el maestro. *BILE*, XXXIX, pp. 193-199, 236-240, 273-276, 332-339, e XL (1916) 137-141, 193-201, 233-238, 296-300, 332-335 e 362-369.
- VÖRLANDER, K. (1921). *Historia de la Filosofía*. Madrid: Beltrán, Madrid, 2 Tt.; traducción da sexta edición alemá, con prólogo de Ortega e Gasset.

## NOTAS

<sup>1</sup> Mediante un texto que titulei: “Xoán V. Viqueira: un profesor formador; un reformador da educación”, que publiquei como parte dun ensaio (COSTA RICO, A. (1986), *A reforma da educación. X. V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia (1906-1936)*. E. do Castro, Sada, pp. 63-103), pretendendo ofrecer algúns materiais documentais históricos, nuns momentos en que se iniciaban os estudos de psicopedagogía nas Universidades de Galicia.

<sup>2</sup> Tiven que introducirme, por vez primeira para min, nas cuestións relativas ás interrelacións históricas ente a psicoloxía infantil e a pedagogía no tempo final do século XIX e nas primeiras década do XX, tendo que enfrontar asuntos en absoluto doados nin evidentes.

<sup>3</sup> Só tempo máis tarde cheguei a coñecer e puíden consultar a magnífica tese doutoral, realizada en 1993 dende a Universidade

Autónoma de Madrid, por Florentino Branco Trejo co título *Juan Vicente Viqueira y la psicología española de principios de siglo*, asunto do que fixera un adianto en BLANCO TREJO, F. (1989), “La visión de Viqueira sobre la psicología infantil y pedagógica”, en *Revista de historia de la psicología*, 10, pp. 117-125 (coa colaboración de A. Rosa). Pola súa banda, Helio CARPINTERO (1994) dedicara seis coidadas páxinas (da 177 á 183) da súa ben ponderada *Historia de la psicología en España* (Eudema Universidad, Madrid) á figura de Viqueira, “unha das personalidades máis interesantes da psicoloxía española”.

<sup>4</sup> Con posterioridade, Florentino Branco volvería sobre Viqueira, en “J. V. Viqueira” en SAÍZ, M., e SAÍZ, P. (Coords.) (1996), *Personajes para una historia de la psicología en España*, Pirámide, Madrid, pp. 269-282, e TENA-DÁVILA, M<sup>a</sup> J. e F. BRANCO, (2005), “Apuntes sobre el lugar de la psicología infantil y pedagógica en la obra de Viqueira”, en *Revista de Historia de la Psicología*, 26, pp. 111-138; unha breve referencia fixoa, pola súa banda, CERESO MANRIQUE, M. A. (2001), en *Los comienzos de la psicopedagogía en España*, Biblioteca Nueva, Madrid, pp. 56-57.

<sup>5</sup> Un lugar onde tanto Manuel Cossío, como D. Francisco Giner farían períodos vacacionais, como tempo de escritura e de maduración de ideas e proxectos.

<sup>6</sup> Isto puxémolo de relevo en COSTA RICO, A. (1988), “A presenza da ILE en Betanzos”, *Anuario Brigantino*, 11, pp. 61-68.

<sup>7</sup> O filósofo H. Bergson (1859-1941) realizou unha reconstrución dunha psicoloxía filosófica, fronte á “experimental”, orientada cara aos aspectos máis dinámicos e cara á dimensión temporal da conciencia, sinalando como verdadeiro tempo real o tempo humano; é dicir, a vida como un continuado fluír. En sintonía co idealismo alemán, Bergson non acepta a tese evolucionista de que a vida puidese xurdir de

algo inferior (“non vida”) e combate en *Materia e memoria* a identificación psicofísica da conciencia coa actividade cerebral, ao afirmar que o anímico posúe unha efectiva autonomía, como o expresou no seu *Essai sur les données immédiates de conscience* (1889), ao falar dun “eu profundo”. Viqueira, que se sentiu intelectualmente atraído por esa perspectiva que afirmaba a enerxía creadora humana, o *élan vital* (1907), - próxima á “fluencia da conciencia” de W. James-, mantería, non obstante, a existencia de “estados de conciencia”, afirmando, así, o valor e corrección da “intropección”, orientada cara a concepcións estáticas da vida da conciencia” (*La psicología Contemporánea*, op. cit., p. 347), en coincidencia aquí coa psicoloxía wundtiana.

<sup>8</sup> O neurohístologo Dr Simarro Lacambra, profesor da Universidade Central foi o director do Laboratorio de Antropometría e de Psicoloxía Experimental do Museo Pedagóxico Nacional, á súa vez, dirixido por Cossío dende 1883. Máis tarde, converteuse (1902) no primeiro catedrático de Psicoloxía Experimental, sendo un dos maiores divulgadores hispanos das posicións psicolóxicas de Wundt. En Simarro uníanse o evolucionismo espenceriano e o funcionalismo, para aludir á adaptatividade psico-biolóxica dos individuos, tal como sinalou Helio Carpintero (*Historia de la psicología en España*, 1994, p. 147) no contexto de análise do seu significado (“El Dr. Simarro y la psicología científica en España”, pp. 136-147). Simarro, que en 1878 e 1879 publicou no BILE varios artigos sobre a fisioloxía xeral do sistema nervioso, defendeu un principio unitario e monista para a conciencia, a partir da fisioloxía, afirmando deste modo a base biolóxica dos procesos psicolóxicos básicos. Esta concepción monista da psicoloxía, naturalista e materialista tivo entre nós, como sinalou Carpintero (*op. cit.*, pp. 119-135), como antecedentes a Nicolás Salmerón, que propuxo “estudar inseparablemente o organismo corpóreo e a alma” tratando de superar o tradicional dualismo entre o

empirismo e o idealismo metafísico; a Urbano González Montañés, discípulo do anterior e autor de *La psicología fisiológica* (1888), na que defendía a unidade psico-física e a D. Francisco Giner de los Ríos, quen nas súas *Lecciones sumarias de psicología* enunciaba a “unidade composta” psicofísica do home, no sentido de que corpo e espírito se comunican a través do sistema neuropsíquico, aínda que introducindo as perspectivas antropolóxicas krausistas, que modificaban o naturalismo e o materialismo monista que defendería Simarro. Este último, posterior nas súas elaboracións, consideraba a psicoloxía, segundo recolleu Xoán V. VIQUEIRA (1930) (*La psicología contemporánea*, Labor, Barcelona, p. 64), como “ciencia dos feitos que constitúen fluír da conciencia; seguindo aquí a perspectiva funcionalista e pragmatista de W. James. Viqueira, un dos discípulos de Simarro (outros serían Lafora, Santamaría, Fermín Herrero, ou Martín Navarro, o autor do *Manual de psicología experimental*, de 1914) remataría afastándose de Simarro, ao non aceptar a súa concepción “radicalmente monista”, como expuxo Florentino Branco, o máis profundo analista do Viqueira psicólogo na súa tese *J. V. Viqueira y la psicología...* (*op.cit.* p. 68); investigación que o autor puxo ao noso alcance, do que queremos deixar constancia de recoñecemento.

<sup>9</sup> Fronte ao idealismo metafísico hegeliano ou ao simplificado positivismo predominantes, un grupo de pensadores xurdidos na pequena e histórica Universidade de Marburgo, reivindicaron a renovación da crítica do coñecemento, de matriz kantiana, dende a conciencia das limitacións naturais de coñecer humano. Con isto, fronte ao absolutismo metafísico aceptaban o primado da razón práctica. Falamos de autores como H. Cohen, P. Natorp, E. Cassirer ou K. Vörländer, que retoman a Kant como unha pauta orientadora no seu exercicio epistemolóxico preocupado por descubrir as leis nomotéticas sobre as que asentarse o coñecemento científico, coa conciencia da necesidade de fundamentar a cien-

cia positiva nunha epistemoloxía ou teoría do coñecemento científico. As súas reflexións estenderanse cara á ética, o dereito, os valores, a filosofía social, a filosofía transcendental da historia, a pedagogía social (con Natorp) e a educación en relación coa cultura.

<sup>10</sup> O antimarburguiano Carl Stumpf, fundador da Escola de psicoloxía experimental de Berlín, o que abriu as portas á *Gestalttheorie*, mostrou grande atención pola metodoloxía empírica e foi un dos pioneiros da psicoloxía experimental. Os seus estudos, di Florentino Branco en *J. V. Viqueira y la psicología española...* (p. 89), fixéronlle catalizador de dous movementos transcendentales, a psicoloxía da *Gestalt* e a fenomenoloxía de Husserl, sendo profesor ou director de tese de varios dos promotores deses dous movementos. Coa colaboración do seu axudante Rupp realizou Viqueira a aprendizaxe das técnicas experimentais no laboratorio de C. Stumpf.

<sup>11</sup> G. Simmel destacou pola súa filosofía pragmática e utilitarista do coñecemento.

<sup>12</sup> Max Dessoir foi estudoso dos problemas da estética e autor dunha notable obra de historia da psicoloxía en 1911; con el seguiu Viqueira un curso sobre a Ética de Spinoza.

<sup>13</sup> Entre as múltiples referencias: HERRERO, F., GARCÍA, E., CARPINTERO, H. (1995), “Psicopedagogía en España (1900-1936). Becarios españoles en centros europeos”, *Revista de Historia de la Psicología*, 16, pp. 181-200.

<sup>14</sup> Quizais con algún dos seus axudantes; sendo certa a súa presenza en Leipzig, non se puido documentar fehacientemente, como no caso do outro galego, Eloy Luis André, un traballo académico de Viqueira baixo guía de Wundt.

<sup>15</sup> Florentino Branco referiuse na súa tese á importancia de Müller en canto ao desenvolvemento da psicoloxía experimental.

<sup>16</sup> Edmund Husserl (1809-1937) abre a perspectiva filosófica da fenomenoloxía coa súa investigación científica, non dos feitos como proclamaban as correntes positivistas, senón das “formas de conciencia” dos obxectos, sendo estes definidos por un acto de conciencia. Husserl, ademais, considera a conciencia como un fluxo de vivencias intencionais, asegurando, por un lado, a súa temporalidade, e superando, por outro, a contraposición filosófica entre obxectividade e subxectividade (ou entre realismo e idealismo), se ben deixou pendente a explicación da unidade do devandito fluxo.

<sup>17</sup> Segundo Florentino Branco fixo algunha amizade con D. Katz, psicólogo que destacou polos seus traballos sobre a percepción da cor. Xa en Madrid, Viqueira traduce en 1915 a súa obra *¿Foi El Greco astigmático?*

<sup>18</sup> Erich Jaensch (1883-1940) fundou na Universidade de Hamburgo en 1913 un Instituto de Psicoloxía e desenvolveu o concepto dos “tipos eidéticos”.

<sup>19</sup> O informe oficial en alemán apareceu en *Zeitschrift für Psychologie*, a revista oficial do Instituto de Müller, en marzo de 1914 e Viqueira publicou unha versión no BILE en 1916 como “Un novo factor na memoria de identificación”.

<sup>20</sup> Beltrán, Madrid, 1919, con reedición en 1926.

<sup>21</sup> NATORP, P. (1975), *Propedéutica filosófica. Kant y la Escuela de Marburgo. Curso de Pedagogía Social*, Porrúa, México. Texto introdutorio de Viqueira con respecto a *Kant y la Escuela de...* en pp. 70-97. Presentación xeral de Francisco Larroyo. O *Curso de Pedagogía Social* de Natorp, exposto por vez primeira en 1899, foi traducido por María de Maeztu da edición de 1905.

<sup>22</sup> A familia dos Landa, de ascendencia portuguesa tiña unha notable implicación na ILE.

Jacinta Landa, ademais, era profesora da Escola Plurilingüe que en Madrid fundara Castillejo. Non está demais recordar que a filla de Cossío, Natalia, prima de Viqueira, casará con Alberto Jiménez Fraud, tamén profesor da ILE, e co tempo director da Residencia de Estudiantes.

<sup>23</sup> Quizais baixo a influencia da “psicoloxía dos pobos” wundtiana fala Viqueira dos “trazos psicolóxicos fundamentais da alma galega” (1919), da “alma colectiva dos galegos”, da lingua galega como un tesouro, “fonte de fraternidade universal”, e de Galicia como “parte do dinamismo da Humanidade”, prelu-diando nesta fórmula, a definición de Galicia que en 1931 faría o Partido Galeguista como “célula de universalidade”. Unha parte destes traballos serán recollidas na súa obra póstuma de 1930, introducida por Ramón Tenreiro, *Ensayos y Poesías*. Esta obra foi reeditada por editorial Galaxia (Vigo, 1974) con ocasión do recoñecemento de Xoán Vicente Viqueira como autor do “Día das Letras Galegas”

<sup>24</sup> Na editorial Calpe de Madrid.

<sup>25</sup> Cos seus fillos e unha decena de nenos facía unha estanza de colonias. Ante a situación bélica creada e mediante axuda de cuáqueros ingleses, todos os nenos e Jacinta Landa foron embarcados nun navío militar inglés dende A Coruña para Francia. Dende alí faise o regreso familiar a Madrid. Aquí, Jacinta atende nenos orfos. Un dos fillos alístase no exército republicano. A filla María Luisa permanecerá na Unión Soviética durante varios meses. Despois de dolorosas e complexas peripecias nai e fillos poden reunirse finalmente no exilio mexicano. Alí Jacinta Landa viviu ata os 100 anos e os tres fillos viven aínda como octoxenarios avanzados.

<sup>26</sup> Labor, Barcelona, 1930, póstumo.

<sup>27</sup> Con algunha readaptación, tomamos en consideración a contribución de S. RODRÍGUEZ, S. (1989), “Confrontaciones

epistemológicas en la psicología española contemporánea”, *Revista de Historia de la Psicología*, 1-4, pp. 235-247.

<sup>28</sup> A psico-física abría perspectivas acerca do modo de unión -unión psico/física- do espírito co organismo fisiolóxico. CERREZO MARRIQUE, M. A., *Los comienzos de la psicopedagogía en España (1882-1936)*, op.cit., p. 42. Segundo Wundt todos os procesos mentais estaban relacionados cunha base orgánica ou física: sen interacción entre materia e espírito, pero con paralelismo entre os procesos psicolóxicos e os procesos físicos.

<sup>29</sup> Se calquera manifestación psíquica se acompañase dalgún tipo de fenómeno corporal mensurable, mediante a linguaxe do espazo, entón indirectamente poderíanse medir procesos mentais, foi a conclusión á que se chegou.

<sup>30</sup> Na súa obra *Sistema de lóxica* (1843) J. Stuart Mill reivindicara para a psicoloxía o carácter de ciencia independente, baseada na observación e na experimentación. A súa metodoloxía de estudio, o asociacionismo, dividía a conciencia en “ideas” elementais, elaboradas a partir das percepcións, que poderían formar unidades asociativas. Parte destas propostas foron recollidas por H. Spencer na súa *Psicoloxía*, quen ademais introduciu o evolucionismo, ao sinalar un papel esencial á heredabilidade das calidades adquiridas, e ao sinalar que a vida psíquica se organizaba dinamicamente, mediante sucesivos acrecentamentos. Con todo iso, Spencer abría paso á psicoloxía xenética e á comprensión da vida psíquica como proceso de adaptación e de evolución. Un camiño que, en parte Wundt, e máis o pragmatismo, continuarían logo.

<sup>31</sup> Herbart falara da estreiteza da conciencia polo que esta non podería abranguer a un tempo demasiadas sensacións ou imaxes. Entón, a “apercepción” ou atención é a que permitiría o paso dunha parte delas ao foco visual da conciencia, idea que Wundt desen-

volveu ao falar das conexións activas (aperceptivas) e das pasivas ou asociacionistas

<sup>32</sup> O coñecemento pode acompañarse con excitacións químicas de pracer ou desagrado, como fenómenos fisiolóxicos concomitantes, que se agrupan baixo o nome de sentimento.

<sup>33</sup> Unha técnica experimental baseada no fraccionamento da conciencia en períodos, para unha máis exacta percepción por parte de quen realiza unha introspección despois dun experimento de reacción.

<sup>34</sup> Para Bühler os pensamentos, como contidos mentais non sensoriais - ou non formados por imaxes-, serían algo distinto que as imaxes representativas e os sentimentos que as acompañan; serían procesos-fenómenos inmediatos ou *estados* de conciencia - que non son representacións, pois as leis do pensamento non son idénticas ás leis da asociación, aínda que teñan a súa base nelas-; que habería que analizarlos, entón, dende a autoobservación sistemática.

<sup>35</sup> Realizou estudos sobre as condicións de aprendizaxe e sobre a memoria dende 1885.

<sup>36</sup> Co seu traballo de 1907 sobre “manifestacións e funcións psíquicas”.

<sup>37</sup> PÉREZ-DELGADO; MOLTÓ, J., GARCÍA-ROS, R. (1989), “Los comienzos del estudio experimental del pensamiento: el método de Wurzburg e el método de París, a principios del siglo XX,” *Revista de Historia de la Psicología*, 1-4, pp. 11-18.

<sup>38</sup> Este interese pola detección das diferencias individuais con respecto á conduta ou comportamento púxo inicialmente de manifesto F. Galton dende Inglaterra cunha obra de 1883, que é punto de partida da elaboración dos tests mentais, baixo a influencia do evolucionismo, que apelaba á variabilidade entre os individuos. Catell, Pearson, Spearman, coa súa “Análise factorial da Intelixencia” (1927),

ou máis tarde Thurstone, coa súa atención á diferenciación na capacidade de aprendizaxe, afondarían estes estudos.

<sup>39</sup> A Escala de Binet e o seu texto posterior *As ideas modernas sobre os nenos* foron dadas a coñecer en España por Jacobo Orellana, Sidonio Pintado, Juan Comas, ou Regina Lago, entre outros.

<sup>40</sup> Tiveron tamén forte incidencia escolar os traballos de H. Münsterberg sobre a fátiga, a psicoloxía e o mestre (1909) e a organización da instrución segundo as diferenzas individuais, que xunto cos de Binet e Henri ou os de Claparède, incidiron na determinación de horarios escolares e das aprendizaxes disciplinarias, e así mesmo os de E. Meumann, quen, en particular entre os anos 1911 e 1915, tratou de sinalar vías para a construción dunha pedagogía/didáctica experimental, deixándonos as súas *Leccións de Pedagogía Experimental* e o seu *Compendio de Pedagogía Experimental* (1914), traducido ao castelán e editado por Ruíz Amado en 1924, en Barcelona, e os de W. A. Lay, de quen destacamos a súa *Didáctica experimental* (1920), como un notable exercicio de pedagogía experimental. Cunha parte dos anteriores autores abriuse paso a chamada antropometría escolar (coas “follas antropométricas” ou “paidolóxicas”), elaborada sobre a base da comparabilidade entre suxeitos, unha vez establecidas as medidas correspondentes á “normalidade” en cada circunstancia ou caso examinado.

<sup>41</sup> Con adaptacións como as de Terman (1916), de Goddard e de Stanford, elaborándose igualmente os tests de rendemento en diversas disciplinas.

<sup>42</sup> Segundo recolle X. V. Viqueira en *La psicología contemporánea*, *op. cit.*, p. 32.

<sup>43</sup> G. Stern tamén destaca pola súa psicoloxía das diferenzas individuais.

<sup>44</sup> Isto, dito en termos de máis alcance, expresaría igualmente Barnés: “el maestro necesita preparación científica paidológica”, en (“La paidología como ciencia independiente” en *Ensayos de Pedagogía y Filosofía*, La Lectura, Madrid, pp. 67-73).

<sup>45</sup> CERESO MANRIQUE, *Los comienzos de la psicopedagogía en España*, *op. cit.*, p. 56.

<sup>46</sup> BLANCO, F., p. 427.

<sup>47</sup> *Ibid.* P. 442. Un estudo dos procesos psicolóxicos básicos que subxacen á conduta humana.

<sup>48</sup> Como “unha rama da antropoloxía” di Barnés; onde aparecen tratamentos, sen dúbida, debedores da psicoloxía do pensamento, pero outros como “paidoloxía e pedagogía social” ou “desenvolvemento e aprendizaxe”, sostidos pola nova orientación.

<sup>49</sup> Na edición de 1932 da *Paidología* dá importancia aos aspectos biolóxicos e sociais, incorpora o principio de actividade no desenvolvemento, e aborda o debate herdanza e ambiente, dando conta tamén da *Gestalt*, a psicanálise e o condutismo.

<sup>50</sup> Fundamentalmente, como unha psicoloxía aplicada á educación.

<sup>51</sup> Que é, sobre todo, unha didáctica experimental.

<sup>52</sup> Que desenvolvía os termos máis acordes con todo o que quería significar a Escola Nova.